Trasalba 24-XII-1951

Sr. D. Antonio Fraguas.

Sant-Iago de
Compostela.

Meu querido amigo e compañeiro: Noite de Natal, escribolle con moito amor e lembranza, sentado a camilla con miña nai e con Fita, nos silencios case absoluto da campía, pensando moito nos amigos. Os días das vacacións son de abondo, mais fuxen axiña e cada un semella medio día.

Fita e tamén eu interesase moito por a saude de Teresa, que estaba un pouco doente cando saímos de Sant-Iago fai pouco mais de unha semán, e quixera saber si, como esperamos vai xa ben.

Maximo a ledicia con que están pasando istas, e desexalles ditoso Aninovo.

Lembranzas de Fita, e apertas de seu vello amigo e compañeiro

R. Otero Pedrayo